

# Discurso lóstrego

Curto, rápido e ao miolo

## O foco

É unha presentación oral que centra a atención nun tema moi específico e cunha duración moi curta como un encontro casual ou unha coincidencia temporal. Con este discurso debes captar a atención da persoa receptora e xerar novos intereses e conexións.

## Os axentes

Realízase en parellas ou de forma individual. A persoa docente sempre está detrás pendente dos avances de cadaquén.

## O espazo

Espazo aberto para traballar e practicar a posta en escena.  
Mobiliario flexible que poder moverse e facilitar a preparación.

## O proceso

O proceso é un ciclo de 4 fases que poden modificarse ou adaptarse á aula pero sempre mantendo a idea de optimizar tempos.

- **1. Definir:**  
Necesitamos dedicar un tempo para reflexionar e definir o contido para logo contextualizar e valorar o ton e o posible contido do discurso.
- **2. Identificar**  
Nesta fase delimitaremos moito máis o valor principal da idea que queremos compartir coa persoa interlocutora e tentaremos definir as características de maior valor do noso proxecto.
- **3. Idear**  
A nosa proposta é unha estrutura base con 3 grandes apartados: introdución, desenvolvemento e peche; todo iso nun formato dinámico, creativo e impactante.
- **4. Practicar e mellorar**  
Traballando en parellas ou en solitario, se é necesaria unha maior concentración,ponse en práctica o discurso desenvolvido. Nas sucesivas prácticas vaise puíndo e incorporando sucesivas melloras ata conseguir un resultado final satisfactorio.

Nesta práctica é fundamental adecuarse aos tempos curtos e non excederse na exposición de contidos secundarios.

O teu plan nun clic 